



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, O EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE OURENSE E A FUNDACIÓN "LA CAIXA" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA CAIXAPROINFANCIA

Ourense, a 22 de marzo de 2016

REUNIDOS:

M Dunha parte, D. José Manuel Rey Varela, na súa condición de conselleiro de Política Social en virtude do Decreto 126/2015, do 4 de outubro, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, así como no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte, D. Jesús Vázquez Abad, alcalde do concello de Ourense, no seu nome e representación, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

E doutra, D. Marc Simón Martínez, director corporativo da área Social da Fundación Bancaria Caixa d'Estalvis i Pensions de Barcelona, "la Caixa" (en diante, Fundación Bancaria "La Caixa") con domicilio en Barcelona, Av. Diagonal 621-629, e con NIF G-58899998, actuando en nome e representación da Fundación Bancaria "La Caixa",



DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia foi compulsada co seu orixinal, concordando fielmente.



Santiago,

28 ABR. 2016

José L. Temes Martínez
José L. Temes Martínez



Todas as partes, na calidade con que interveñen neste acto, recoñécense reciprocamente capacidade para obrigarse e outorgar este convenio, a cuxo efecto

EXPOÑEN

- I. Que consonte o artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica, do 6 de abril de 1981, os artigos 58, 59, 60 e 64 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, ditada en desenvolvemento do antedito artigo do estatuto, que regula o Sistema Galego de Servizos Sociais, os artigos 25.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 80.2.k) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia e as corporacións locais galegas comparten competencias en materia de servizos sociais.
- II. Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establece que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axustarán a súa actuación ao principio de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar con carácter conxuntural para o eficaz cumprimento das súas tarefas, determinando o artigo 195 as formas que poderá adoptar a dita cooperación.
- III. Que con data do 7 de outubro de 2015 a Xunta de Galicia e a Fundación Bancaria "la Caixa" asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento na Comunidade autónoma de Galicia do Programa CaixaProinfancia cuxa finalidade principal é a de facilitar á infancia afectada por unha situación de pobreza e vulnerabilidade social o seu desenvolvemento integral e o incremento das súas oportunidades.



DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia foi compulsada co seu orixinal, concordando fielmente.

Santiago,

28 ABR. 2016



José L. Temes Martínez



IV. Que mediante CaixaProinfancia, a Obra Social "la Caixa" quere promover a creación de alianzas e colaboracións con terceiros a favor da infancia, motivo polo que este programa se desenvolve mediante a colaboración con entidades sen ánimo de lucro e trata de favorecer a creación dun ámbito estable de cooperación entre todos os axentes sociais, públicos e privados, que inciden no neno, nena, adolescente e as súas familias. En concreto, neste convenio establécese a cooperación coa Xunta de Galicia e cos Concellos para o logro dos obxectivos que se describen a continuación:

- Favorecer o desenvolvemento das competencias do neno, nena e adolescente e da súa familia, que permitan mellorar os seus procesos de inclusión social e autonomía.
- Promover o desenvolvemento social e educativo dos e das menores no seu contexto familiar, escolar e social.
- Desenvolver e implementar un modelo de acción social e educativa integral que contribúa a mellorar as oportunidades de desenvolvemento social e educativo dos nenos e nenas e das súas familias.

A realización de tales obxectivos require dunha formulación global e sistémica que considere a multifactorialidade que caracteriza as situacións de pobreza, para o que resulta esencial constituír esta fórmula de cooperación e coordinación.

V. Que o concello de Ourense, dado que comparte os obxectivos do programa e este se basea no traballo coordinado dos diferentes axentes sociais dun mesmo territorio ou barrio, desexa colaborar no desenvolvemento, subscribindo os obxectivos comúns de protexer a infancia, promover o seu benestar e evitar a transmisión da pobreza entre xeracións, na consideración de que os nenos e as nenas que crecen na pobreza ou exclusión social teñen menos posibilidades de ter un bo

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia foi compulsada co seu orixinal, concordando fielmente.

Santiago, **28 ABR. 2016**



José L. Temes Martínez

José L. Temes Martínez



XUNTA
DE GALICIA



Fundación Bancaria "la Caixa"



Concello de
OURENSE

rendemento escolar, e que poidan gozar de boa saúde e aproveitar todo o seu potencial en fases posteriores da súa vida.

Por todo o exposto, as partes, na representación que cada unha delas ostenta, acordan subscribir este Convenio de Colaboración que se rexerá polas seguintes:

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o concello de Ourense e a Fundación Bancaria "la Caixa", a fin de coordinar os esforzos dirixidos a optimizar a aplicación do Programa CaixaProinfancia nunha área xeográfica determinada dentro do ámbito urbano da cidade de Ourense. Este programa está destinado a facilitar tanto a mellora da situación dos nenos e nenas e das súas familias, como a que desenvolvan as competencias e o compromiso necesario que lles permita asumir con autonomía o devandito proceso de mellora. A colaboración prevista neste Convenio centrarase en establecer e desenvolver un procedemento de actuación que permita identificar ás familias que teñan menores e se atopen en situación ou risco de exclusión social, informadas da existencia do Programa Caixa Proinfancia e que as administracións públicas asinantes deste convenio cooperen no traballo desenvolvido con estas familias ao abeiro do programa coa finalidade de que este teña un carácter integral, así como todas as actuacións que sexan necesarias para alcanzar os obxectivos do programa.

Desta forma búscase crear un marco común de traballo destinado a fixar procedementos concretos de actuación, así como metodoloxías conxuntas que se traduzan na promoción da transformación social e na mellora efectiva da situación dos e das menores e as súas familias afectados por unha situación de pobreza e

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia foi compulsada co seu orixinal, concordando fielmente.



Santiago,

28 ABR. 2016

Jose L. Temes Martínez
José L. Temes Martínez



vulnerabilidade social para o seu desenvolvemento integral e o incremento das súas oportunidades.

Con este Convenio preténdese, en definitiva, establecer un marco de colaboración destinado a potenciar e garantir as iniciativas contidas no Programa CaixaProinfancia e a asegurar a máxima eficacia e eficiencia dos seus resultados.

Cando así se requira, a concreción das colaboracións específicas que resulten da creación do marco común de traballo que supón a subscrición deste convenio, realizaranse mediante a subscrición dos correspondentes Anexos específicos que as partes asinantes estimen convenientes, sen que isto supoña a asunción de compromisos por parte daquelas que impliquen obrigas xurídicas distintas das previstas neste convenio.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A Consellería de Política Social, o Concello de Ourense, e a Fundación Bancaria "la Caixa" comprométense a:



- Identificar e analizar conxuntamente a distribución territorial das situacións de vulnerabilidade social e de risco de exclusión que afectan a un número considerable de menores e familias do municipio de Ourense e que requiren, mais alá da atención a necesidades puntuais, dunha formulación global de actuación que incida de forma integral na transformación e mellora da realidade da infancia e das familias.



- Definir unha proposta de servizos conxunta que permita responder as necesidades dos e das menores e das súas familias e optimizar os recursos económicos públicos e privados que se dotan para estes efectos.
- Impulsar o "traballo en rede", como mellor resposta organizativa para o desenvolvemento da acción social, aproveitando os recursos públicos e

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia foi compulsada co seu original, concordando fielmente.

Santiago, 28 ABR. 2016



José L. Temes Martínez



privados existentes no territorio e os proxectos de actuación de carácter innovador que poidan ser achegados por entidades colaboradoras especializadas nos servizos e recursos contemplados no Programa.

- Impulsar o establecemento, dinamización e mantemento de continuas canles de comunicación e de transmisión de información.
- Establecer con carácter prioritario estratexias e metodoloxías comúns que aseguren a implantación de fórmulas de prevención do risco a través de actividades adaptadas ás diversas realidades das e dos menores.

Respecto dos compromisos concretos de cada parte, a Consellería de Política Social comprométese a:

- Apoiar o Proxecto CaixaProinfancia a nivel institucional, mediante a súa divulgación e a información ás familias e menores, así como colaborar na súa implementación no municipio de Ourense, mediante todas aquelas accións que permitan identificar ás familias que teñan menores e se atopen en situación ou risco de exclusión social, informadas da existencia do Programa Caixa Proinfancia e que as administracións públicas asinantes deste convenio cooperen no traballo desenvolto con estas familias ao abeiro do programa coa finalidade de que este teña un carácter integral, así como todas as actuacións que sexan necesarias para alcanzar os obxectivos do programa.

Apoiar ás entidades non lucrativas colaboradoras na execución do Programa, que serán seleccionadas pola entidade responsable do devandito Programa CaixaProinfancia, mediante todas aquelas accións, como son as de carácter informativo, que teñan como obxectivo desenvolver unha estratexia coordinada a nivel autonómico.

Designar como interlocutor da Consellería a un responsable técnico de cada provincia, para a execución do Proxecto CaixaProinfancia.

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia foi compulsada co seu orixinal, concordando fielmente,

Santiago,

28 ABR. 2016

6




José L. Tames Martínez
José L. Tames Martínez

Pola súa parte, o Concello de Ourense comprométese a:

- Apoiar o Proxecto CaixaProinfancia a nivel institucional, así como colaborar na súa implementación no seu municipio impulsando que as administracións públicas asinantes deste convenio cooperen no traballo desenvolto coas familias, ao abeiro do programa CaixaProinfancia, coa finalidade de que estas sexan atendidas de forma integral.
- Apoiar ás entidades non lucrativas colaboradoras na execución do Programa, que serán seleccionadas pola entidade responsable do devandito Programa CaixaProinfancia, no municipio de Ourense no que se refire ao establecemento de contactos e redes e a coordinación co persoal público referente, a nivel local, no ámbito social nos tres ámbitos prioritarios desde os que se desenvolve a acción social, educativa e sanitaria.
- Designar como interlocutor do Concello a un responsable técnico, con competencias en materia de servizos sociais.

Por último, a Fundación Bancaria "La Caixa" comprométese a:

- 
- Seleccionar, financiar, dinamizar e coordinar ás entidades non lucrativas colaboradoras que participan no Proxecto CaixaProinfancia mediante o establecemento de mecanismos de relación que inclúen a creación dun marco común de traballo para marcar uns procedementos concretos que guían a actuación e que faciliten o traspaso de información co obxectivo de establecer formas propias dun traballo en rede e sistémico.
 - Manter informados ao Concello de Ourense e a Xunta de Galicia e facilitarlles o acceso á información que precisen sobre a evolución do Proxecto CaixaProinfancia.




No **Anexo I**, que se incorpora formando parte deste convenio, especificase o Modelo de traballo do Programa CaixaProinfancia.

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia foi compulsada co seu orixinal, concordando fielmente.

Santiago, **28 ABR. 2016**




José L. Temes Martínez

TERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Co fin de dar cumprimento aos contidos do convenio, tras a súa sinatura, constituirase unha Comisión de Seguimento con representación de todas as partes en réxime de paridade.

Esta comisión responsabilizarase da coordinación, seguimento e avaliación das accións realizadas no marco deste convenio.

A Comisión de Seguimento quedará integrada polo Director Xeral de Inclusión Social ou persoa en quen delegue, o alcalde do concello de Ourense ou persoa en quen delegue, o director corporativo da área Social da Fundación Bancaria "la Caixa" ou persoa en quen delegue e unha persoa máis en representación de cada institución.

Esta Comisión reunirase preferentemente con carácter semestral, por proposta de calquera das partes. Calquera das partes poderá así mesmo convocar unha reunión con carácter extraordinario cando o estime conveniente.

CUARTA.- PUBLICIDADE


En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este acordo será obxecto de difusión no Diario Oficial de Galicia e a Dirección Xeral de Inclusión Social remitirá os datos necesarios para a publicidade do acordo nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do acordo leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia foi compulsada co seu orixinal, concordando fielmente.



Santiago,

28 ABR. 2016


José L. Temes Martínez

Así mesmo, as entidades asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ao acordo asinado no rexistro público de convenios creado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Os datos referidos integrarán un ficheiro responsabilidade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ante a que se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Igualmente as partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto regulado pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Calquera outra publicidade que se realice do contido deste convenio, así como das actuacións incluídas nel, requirirá da autorización das institucións que o subscriben, debendo figurar sempre, no medio de difusión que se utilice, o anagrama delas.

QUINTA.-VIXENCIA

Este convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 decembro de 2018, podendo ser prorrogado, previo acordo das partes, de xeito que cada prórroga teña unha duración de dous anos.

Transcorrida a súa vixencia, as tres partes implicadas procederán á avaliación da colaboración establecida e dos resultados conseguidos e valorarán a procedencia de continuar coa colaboración.

SEXTA.-INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia foi compulsada co seu orixinal, concordando fielmente.

Santiago,

28 ABR. 2016



José L. Temes Martínez



O persoal, de ser o caso, dedicado pola Fundación Bancaria "la Caixa" á execución deste convenio, en ningún caso, terá vinculación xurídico-laboral con ningunha das outras dúas partes.

SÉTIMA.- CARÁCTER DO CONVENIO

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas. O incumprimento das ditas cláusulas por calquera das partes será causa da súa resolución.

Este convenio non implica obrigación económica para a Facenda da Comunidade Autónoma nin para a Administración local respectiva.

OITAVA.- XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio, de carácter administrativo, queda suxeito á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e rexerase polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e o Decreto 2568/1986, do 28 novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

Con respecto aos datos de carácter persoal que puideran derivarse durante a vixencia do Convenio asinado, as partes asinantes quedan expresamente obrigadas ao cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia foi compulsada co seu orixinal, concordando fielmente,



Santiago,

28 ABR 2016

[Signature]

José L. Temes Martínez



XUNTA
DE GALICIA



Fundación Bancaria "la Caixa"



Concello de
OURENSE

Protección de Datos de Carácter Persoal, ao seu Regulamento de Desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, así como ás disposicións que en materia de protección de datos se encontren en vigor durante o período de vixencia deste instrumento de colaboración.

Este Convenio de Colaboración non implica cesión nin comunicación de datos de carácter persoal por parte das Administracións públicas asinantes á outra parte conveniente, todo isto sen prexuízo dos datos persoais que se poidan recabar directamente das propias familias seleccionadas por parte da entidade responsable do programa, sempre co previo consentimento das persoas integrantes daquelas.

E para que conste e en proba de conformidade, subscríbese este convenio por triplicado e para un só efecto, no lugar e data ao principio indicados.

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA


O DIRECTOR CORPORATIVO DA
ÁREA SOCIAL DA FUNDACIÓN "LA
CAIXA"



José Manuel Rey Varela

Marc Simón Martínez

O ALCALDE DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE OURENSE



Jesús Vázquez Abad

DILIXENCIA. Para facer constar que a presente fotocopia
foi compulsada co seu orixinal, concordando fielmente.
Santiago, **28 ABR. 2016**



José L. Temes Martínez